

1 A Idade Media

1.1 Contexto histórico e cultural

A Idade Media é un período da historia que se inicia no último terzo do século V -concretamente no ano 476, data da caída do Imperio Romano- e remata a finais do século XV. A súa vez, este período divídese en dous: Alta Idade Media (s. V-X) e Baixa Idade Media (s. XI-XV).

Trátase dun período dominado fundamentalmente, entre os séculos IX e XV, por un sistema político, social e económico organizado de forma piramidal chamado **feudalismo**, no que a nobreza e o clero eran estamentos privilexiados mentres que o pobo baixo, a plebe, era a clase máis desfavorecida.

O sistema estaba baseado nun **contrato** que se establecía entre un **señor**, que se comprometía a concederlle ao vasalo un ben chamado **feudo** e a protexelo, e un **vasalo**, que adquiría as obrigacións de obediencia e servizo, sobre todo militar, respecto do señor.

O home medieval vivía nunhas condicións moi precarias. Aínda así, na Baixa Idade Media, período que nos interesa agora, prodúcese avances como o aumento da poboación, a diversificación da economía e os progresos culturais e artísticos (románico, gótico e aparición das universidades) e a xénese de elementos sociopolíticos como as asembleas, etc. Neste período tamén houbo momentos de retroceso, especialmente nos séculos XIV e XV (crise agraria, Peste Negra, guerras...).

1.2 Galicia na Idade Media

A Galicia da Baixa Idade Media caracterízase pola existencia dunha **economía predominantemente agrícola e mariñeira**, complementada cunha próspera actividade artesanal e comercial que empezaba a funcionar nos «burgos»; unha **estrutura social mol xerarquizada e desigual** (nobreza e clero ostentan o poder e son estamentos privilexiados, o pobo baixo está escravizado e hai persecucións relixiosas); un **dominio cultural protagonizado pola Igrexa católica**.

A nosa sociedade medieval vive a etapa de máximo esplendor na denominada **Era Compostelá** (séculos XII e XIII). Nesta época, Galicia vive momentos de relativa paz e prosperidade.

Este período de **esplendor**, desde o punto de vista político e social, comezará a súa decadencia arredor de mediados do século XIII, cando Galicia vai pasando a depender paulatinamente dos reinos de León, primeiro, e de Castela, máis tarde. A **decadencia** vén motivada polos seguintes acontecementos:

- A **independencia de Portugal**, orixinada a partir do levantamento de Afonso Henriques en 1128.
- A perda do reino de Galicia co encarceramento do rei **Don García** por parte do seu irmán Afonso VI de León.
- A **unificación das coroas de Galicia, León e Castela** durante o reinado de Fernando III en 1230.
- As guerras de sucesión nos séculos XIV e XV en que a nobreza galega sempre apoiou o bando perdedor, factor que trouxo consecuencias negativas para este estamento e en xeral, para Galicia.
- **Estancamento económico**, debido a:
 - unha baixada na produción (malas colleitas) por factores naturais (exceso de chuvias etc.)
 - epidemias (Peste Negra).
 - guerras (Revoltas Irmandiñas).

O galego antigo

2.1 Contexto histórico e cultural

A historia da lingua galega pode dividirse en tres grandes períodos



O **galego antigo** ou **galego-portugués**, naceu e falábase no territorio que abrangía a antiga *Gallaecia* romana, isto é, o que hoxe corresponde con Galicia, o norte de Portugal ata o río Douro e unha franxa occidental que incluía parte de Asturias, León e Zamora.

Desde o punto de vista cronolóxico, o **período medieval** do galego-portugués esténdese ao longo de **setecentos anos de normalidade lingüística**, exactamente desde o **século IX ata fins do século XV**, se ben esta normalidade comeza a verse ameazada pola presión do castelán xa a partir do reinado de Fernando III no século XIII.

Nesta longa etapa da historia, o **galego** era un dos **idiomas romances máis prestixiosos** da Península Ibérica, no que foran educados, ademais dos antigos reis de Galicia e dos reis de Portugal, moitos monarcas de Castela e León. Tamén era a lingua escollida por algúns **trobadores foráneos** para as súas composicións.

Os primeiros documentos coñecidos ata o de agora escritos en galego-portugués son do último cuarto do século XII. A partir dese momento, Galicia vive un brillante período literario, tendo a Compostela como foco dinamizador da vida social e cultural da Europa meridional. Desde finais do século XIV ábrese unha paréntese de varios séculos de decadencia.

DOCUMENTOS NON LITERARIOS ESCRITOS EN PORTUGAL

<i>O Pacto dos irmãos Pais</i>	(ca. 1174)	Acordo de defensa mutua e non agresión entre dous irmáns nobres miñotos, Gomes Pais e Ramiro Pais da Silva.
<i>A Notícia de Fiadores</i>	(1175)	Breve texto civil con algúns elementos en galego-portugués, inserido nun pergamiño con tres documentos máis.
<i>A Notícia de Torto</i>	(ca. 1214)	Documento notarial no que o fidalgo Lourenço Fernandes da Cunha relata as malfetorias realizadas polos fillos de Gonzalo Ramires contra el.
<i>Testamento de Afonso II de Portugal</i>	(1214)	Documento escrito en Coímbra.

DOCUMENTOS NON LITERARIOS ESCRITOS EN GALICIA

<i>Foro do Burgo de Castro Caldelas</i>	(1228)	Documento redactado por un notario en Allariz, no que o rei Afonso IX de León e Galicia outorga os foros aos cidadáns da vila de Castro Caldelas.
---	--------	---

DOCUMENTOS LITERARIOS ESCRITOS EN GALICIA

<i>"Ora faz ost'o senhor de Navarra"</i>	(ca. 1200)	Cantiga de escarnio do trobador enobre portugués Joam Soares de Paiva, que resulta ser ata o de agora o texto máis antigo da lírica galego-portuguesa.
--	------------	--

2.2 Evolución do galego antigo

O galego antigo ou galego-portugués

O **galego** e o **portugués** comparten a primeira etapa da súa formación como idiomas, ata o século XIV, a partir dese momento, seguen camiños diverxentes e iranse afastando pouco a pouco. As diverxencias lingüísticas entre o norte do río Miño e o sur eran exiguas ata o século XIII, mais durante os séculos XIV e XV vanse acrecentar dando lugar a dúas linguas diferentes: galego e portugués.

O portugués

Portugal nace como reino autónomo a comezos do século XII, cando Afonso Henriques (Afonso I de Portugal) se independiza do seu curmán Afonso VII de Galicia e de León.

Tradicionalmente sinálase en Portugal o ano **1128** como a data da súa independencia. Deste xeito, Portugal arrédase tamén de Galicia, que será anexionada por León e Castela.

O **portugués** consolídase como lingua oficial da corte portuguesa desde o primeiro momento da existencia do reino de Portugal. Os diferentes monarcas e institucións foron impulsando o idioma ata conseguir fixar unha *lingua padrão* ou norma estándar, feito ao que tamén contribuirían cidades como Lisboa ou Coímbra.

Nas centurias seguintes, será levado polos navegantes e conquistadores lusos a distintos lugares de África, Asia e América, por onde se estenderá.

O galego

Por contra, o **galego** experimentará a partir do século XV un acusado proceso de marxinalización en Galicia que practicamente o deixará reducido á condición de dialecto rústico e iletrado ata o albor do século XIX.

A **desigual fortuna das variedades portuguesa** –con recoñecemento oficial e estandarizada desde o medievo– e **galega** –desprestixiada e vulgarizada ata a estandarización contemporánea– servirá de base para que o galego sexa considerado como unha lingua diferente do portugués.

2.3 Periodización do galego antigo

GALEGO ANTIGO (séculos IX-XV)	
Etapa primitiva ou preliteraria (sécs. IX-XIII)	Consérvanse documentos nun latín moi corrompido que constitúen o chamado galego protohistórico
Etapa do galego escrito (sécs. XIII-XV)	Época trobadoresca (1200-1350) Coincide co esplendor da nosa literatura medieval: Escola lírica galego-portuguesa. Época posttrobadoresca (1350-1500) Coincide coa decadencia da nosa literatura medieval: Escola lírica galego-castelá.

O galego antigo ata 1350

Durante a Baixa Idade Media, o **galego antigo** comeza a disputarlle ao latín a condición de **lingua de cultura e da administración** que este posuía en solitario ata o século XIII. Xa no século IX, e mesmo antes, se empregaba unha lingua oral diferente abondo do latín vulgar e aínda que o latín era a lingua empregada nos usos escritos, xa resultaba de difícil comprensión para a xente. Isto explica a progresiva aparición de textos en romance galego-portugués.

Os **documentos máis antigos** dos que temos noticia están datados –como vimos– a partir do último cuarto do século XII (**Pacto de irmáos**, ca. 1174) e os primeiros textos literarios son do século XIII, aínda que as súas orixes poéticas se remontan a un pasado máis distante (séculos XI e XII) e haxa que ir buscalas á literatura provenzal ou á mozárabe. Falamos da poesía lírica trobadoresca, cuxa cantiga máis antiga, «Ora faz ost'o senhor de Navarra» do trobador portugués Joam Soares de Paiva pode datarse arredor do ano 1200. Nesa altura, non podemos considerar o galego e o portugués como realidades separadas, senón como unha única lingua.

Nesta etapa o reino de Galicia e a súa lingua, o galego antigo, gozan de gran prestixio. Os trobadores medievais non son unicamente galegos e portugueses, senón que tamén *troban* na nosa lingua autores casteláns (Pero García Buralés), aragoneses (Martín Moxa) e doutras latitudes.

Entre 1200 e 1350 transcorre a **época de esplendor do galego medieval** representada sobre todo polos trobadores da **Escola Lírica Galego-Portuguesa**. A fins desta etapa xorden tamén as primeiras obras historiográficas e en prosa literaria.

O galego cultívase, ademais de na literatura (cantigas), nas áreas da administración civil e de xustiza (testamentos, actas, regulamentos, sentenzas, autos...), na economía, na ciencia e na técnica (tratados etc.), ou na vida eclesiástica e relixiosa.

Todos os documentos públicos e privados son redactados na única lingua que a sociedade entende e fala decote: o galego. Nesta época, polo tanto, era unha **lingua normalizada**.

Con todo, durante o reinado de Fernando III (1230-1252) Galicia coñece por primeira vez a experiencia do **conflito lingüístico**, que agroma cando o rei envía nobres foráneos castelán-falantes para gobernaren o antigo reino.

O sucesor de Fernando III, o seu fillo Afonso X, que reinou entre 1252 e 1284, pese a ser educado en Galicia, coñecer o noso idioma e ser o responsable de moitas obras poéticas, historiográficas e xudiciais en galego, non destaca polo apoio ao galego nos usos oficiais e administrativos. A presión do castelán continúa e o conflito comeza a facerse patente.

O galego antigo desde 1350

A partir de mediados do século XIV o papel de Galicia no ámbito dos reinos peninsulares perde importancia, polo que a **situación cultural e lingüística do reino empeora**. O noso país, baixo o influxo dunha forte inercia castelanizadora que afecta a toda a clase dominante galega ve como todos os esforzos de construción cultural, política e social de carácter autónomo van fracasando ata deixalo a mercé das potencias peninsulares en ascenso (León e, sobre todo, Castela). En dúas ocasións, e por un motivo semellante (conflicto dinástico ou guerras sucesorias), boa parte da nobreza autóctona se verá obrigada a claudicar ante a chegada dunha clase aristocrática foránea que virá «para hacerse carne y sangre de las mejores, y para cargar con los más pingües empleos, así eclesiásticos como civiles», en palabras do Padre Sarmiento.

- A **primeira**, na segunda metade do século XIV, provén do enfrontamento polo trono de Castela entre **Pedro I** e o seu irmán **Henrique de Trastámara**. A nobreza laica galega decántase por D. Pedro, que resulta derrotado. A consecuencia foi a penetración en Galicia do primeiro foco diglósico, xa que ata entón o castelán só se empregaba nos escritos procedentes da corte de Castela, mais non nos que se orixinaban dentro do territorio galego.
- A **segunda**, a finais do século XV, prodúcese pola loita sucesoria entre a filla de Henrique IV de Trastámara, **Xoana a Beltranexa** e **Isabel a Católica**. A derrota de Xoana, que contaba co apoio da nobreza galega, orixina a ocupación de Galicia por parte dos Reis Católicos e o sometemento da nobreza galega.

Así as cousas, Galicia acaba converténdose nun satélite do reino castelán, nun momento en que galego e portugués inician xa camiños distintos como linguas independentes. Ao estar integrada no reino de Castela, Galicia non ten chancelería nin corte de seu que favoreza a oficialización da lingua. Os Reis Católicos impoñen o castelán como lingua administrativa de xeito que o galego terá que cederlle o seu terreo na redacción de todos os documentos elaborados no noso territorio, iniciándose así un longo proceso de **minorización** do noso idioma; pola contra, o castelán converterase na lingua hexemónica en todos os territorios peninsulares, agás en Portugal.

Actividades

- 1  **Análise asociativa.** Como vimos, a lingua galega na Baixa Idade Media goza dun desenvolvemento pleno e normalizado, en contraste co que está a suceder na actualidade. Elabora un breve texto no que expliques cales foron os elementos favorecedores daquela situación e cales son os que actualmente prexudican a nosa lingua no camiño da normalización.

2 O galego antigo

2.4 Características lingüísticas do galego antigo

Os documentos escritos da época presentan unha gran **variabilidade lingüística e inestabilidade gráfica**. Este feito débese á ausencia dunha tradición escrita en romance e á tendencia a adaptar a ortografía latina á realidade idiomática do galego-portugués.

Fonoloxía	Vocalismo:	Presenza de vogais nasais : <i>manu</i> > <i>mão</i> . Abundancia de hiatos : <i>videre</i> > <i>veer</i> .
	Consonantismo:	Complexo sistema de sibilantes xordas e sonoras : <i>vosso/rosa, coraçom/dizer, leixar/jamais...</i>
Morfoloxía	• Xénero invariable dos nomes rematados en -or, -és...: <i>o senhor/a senhor</i>. • Pronome persoal te con función de CD e Cl.: <i>falei-te</i> (faleiche). • Formas átonas nos posesivos: <i>sa casa</i>. • Mesóclise pronominal (intercalación dun pronome átono nunha forma verbal): <i>rir-<u>s</u>-han</i> (riranse). • Tempos compostos con aver: <i>avian falado</i>. • Participios en -udo para certos verbos da 2ª conjugación: <i>perduto, connoçudo...</i>	
	• Emprego do artigo partitivo: <i>deitar do leite</i>. • Uso do posesivo sen artigo: <i>seu escudo aos peitos</i>. • Concordancia nos tempos compostos entre o participio e o CD: <i>a fe que me avia jurada</i>. • Emprego de dúas negacións: <i>nem madre, nem parente nom a podiam d'aly tirar</i>.	
Sintaxe		
Léxico	• Galicismos: <i>dama, sage</i> (sabio)... • Provenzalismos: <i>assaz</i> (bastante), <i>trobar, segrel, solaz</i> (pracer)... • Uso de voces desaparecidas hoxe (arcaísmos): <i>vegada</i> (vez), <i>eire</i> (onte)...	

A partir da metade do século XIV, coincidindo coa decadencia da lírica galego-portuguesa, nos textos medievais aparecen diferenzas que nos permiten establecer, como xa vimos, o inicio dun proceso de división en dúas linguas: galego, por unha parte, e portugués, por outra. Algúns destes trazos diferenciadores son os seguintes:

Grafía	• Vacilación b/v: <i>cabalo/cavalo</i>. • Vacilación nas sibilantes xordas e sonoras: <i>passo/paso</i>. • Preferencia de -nn- e -ll- fronte a -nh- e -lh-: <i>sennor, moller...</i> • Preferencia de -oi- no canto de -ul-: <i>moito, loita...</i>
	Aparición do pronome persoal átono che alternando con te. Alternancia de formas rematadas en -o coas rematadas en -e na terceira persoa do singular dos perfectos irregulares: <i>feze/fezo, disse/disso...</i>
Morfosintaxe	